



ADENDA PROGRAMACIÓN RELIXIÓN

CRITERIOS DE AVALIACION

Á hora de avaliar se terán en conta os seguintes criterios:

A ASISTENCIA NA CLASE OU NA AULA VIRTUAL DO CENTRO SERÁ OBRIGATORIA PARA PODER SUPERAR A MATERIA,

O curso estrutúrase en tres avaliacións que serán cualificadas cunha nota numérica enteira, a cualificación obtida será unha nota de 1 a 10, sendo a nota mínima para aprobar dun 5.

A nota do alumno calcularase segundo os parámetros seguintes:

1. TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO/A

No aula física o una aula virtual o alumno traballa facendo fichas, tomando apuntamentos na súa libreta, ou no ordenador, lendo os temas. Supón ata un máximo 40% da nota.

2. PARTICIPACIÓN NO AULA

Preguntas e/ou respostas, aclaracións, suxerencias oportunas ó profesor e compañeiros. Supón outro máximo de 20 % na nota.

3. TRABALLO EN EQUIPO

Traballos propostos para facer en equipo. Supón ata un 20% da nota.

4. COMPORTAMENTO E ACTITUDE

Supón ata un 20 % da nota.

A nota final de Xuño será a media das tres avaliacións. Se algún alumno suspende máis dunha avaliación deberá facer unha proba escrita final global, podendo ser esta substituída pola entrega dun traballo segundo o acordado co profesor.

Para os alumnos que non promocionen en Xuño, haberá unha proba á que se lle aplicarán os criterios mencionados anteriormente.

En caso de confinamento ou illamento dunha persoa ou grupo a materia impartirase na aula virtual do centro, dende o principio de curso o alumnado terá a posibilidade das clases na aula virtual pola pandemia, preguntárase as posibilidades de acceso a un ordenador e conexión a internet para avaliar a posibilidade do alumnado das clases virtuales ou no seu defecto propor

alternativas para conseguir os obxectivos da materia sen prexuízo para a saúde dos alumnos e do persoal do centro.

O Período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicárase a actividades de apoio reforzo e recuperación, así como ampliación.

Nese sentido, para o alumnado que teña a materia con partes sen superar logo de realizada a avaliación parcial, realizarase un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.

Para o alumnado que non ten superada a materia ao calcular a media das tres avaliacións parciais, establecerase no informe individual da terceira avaliación aquela parte da materia da que deberá examinarse para tentar acadar una cualificación positiva, xa que aprobar a terceira avaliación non supón ter aprobada a toda a materia.

O alumnado, que tralas avaliacións parciais, xa teña superada a materia pederá presentarse a un exámen ou facer un traballo para mellorar a súa cualificación final.

Sobre o procedemento da materia pendente de cursos anteriores:

Os alumnos coa materia pendente do curso para superar a materia terán que pasar dúas convocatorias de exames, un cada trimestre, ou ben entregar un traballo periódicamente segundo o acordado co profesor.

Se o alumno non acadara os obxectivos mínimos ao longo do curso poderá optar por realizar una nova proba de pendentes en Xuño.

Os materiais de reforzo para a materia pendente serán os propios do nivel e curso no que estivese matriculado o alumno. Nestes materiais, o profesor de Relixión determinará as actividades dos mesmos que cubran os contidos mínimos relativos ao nivel pendente que debe superar o alumno. O profesor coa materia pendente poderá establecer outros materiais de reforzo se o estima oportuno para acadar os obxectivos.